

ACLARACIÓNS AO CALENDARIO DE PREINSCRICIÓN E MATRÍCULA NOS MESTRADOS UNIVERSITARIOS

(Consello de Goberno do 27 de abril de 2017)

I.- PRAZOS PARA O ESTUDANTADO DE SISTEMAS UNIVERSITARIOS ESTRANXEIROS ALLEOS AO SISTEMA UNIVERSITARIO ESPAÑOL:

Establécese un prazo extraordinario de preinscrición e matrícula, para os mestrados universitarios da UDC, para estudantes de sistemas universitarios estranxeiros, tanto do EEES coma alleos a este. En todo caso, o número total de estudantes admitidos non superará o 30% das prazas ofertadas (as prazas desta reserva que non se cubriren acumularanse para os prazos xerais sinalados no apartado II destas aclaracións). Os solicitantes deberán cumprir os requisitos de acceso e de admisión nos prazos sinalados para realizar a preinscrición.

ESTUDANTES DE SISTEMAS UNIVERSITARIOS ESTRANXEIROS	
16 de xaneiro – 30 de abril de 2017	Preinscrición
8-10 de maio de 2017	Publicación lista provisional
10-18 de maio de 2017	Reclamacións
24-25 de maio de 2017	Publicación lista definitiva
2017	Matrícula (segundo prazos xerais)

II.- PRAZOS XERAIS:

Establécense distintos prazos de preinscrición e matrícula nos mestrados universitarios da UDC. En cada prazo ofertaranse as prazas vacantes existentes do total de prazas ofertadas en cada mestrado. Os solicitantes preinscritos que non fosen chamados a matrícula constituirán unha lista de agarda que será utilizada en caso de que se produza unha vacante, antes de rematar cada prazo de matrícula. Os integrantes da lista de agarda incorporaranse na lista provisional do segundo prazo sen necesidade de facer unha nova inscrición, agás renuncia expresa ou que exista constancia de que formalizaron a matrícula noutro mestrado. Estas solicitudes, xunto coas novas do segundo prazo, serán baremadas, realizándose unha nova ordenación para a asignación das prazas vacantes.


No terceiro prazo procederase seguindo os mesmos trámites dos prazos anteriores.

Os solicitantes do Sistema Universitario Español deberán cumprir os requisitos de acceso e de admisión no último día do prazo establecido para presentar reclamacións contra a publicación da lista provisional, para o cal deberán acreditar que cumpren cos requisitos de acceso e admisión que non xustificaron no prazo establecido para solicitar a preinscrición.

A preinscrición realizarase a través do formulario en liña da web da UDC.

Unha vez publicada a relación definitiva de admitidos, estes matricularanse nos prazos establecidos a través da secretaría virtual na internet. A non formalización da matrícula no período establecido suporá a perda da correspondente praza, sendo necesario realizar unha nova preinscrición.

Habida conta de que os estudantes provenientes de sistemas universitarios estranxeiros poden solicitar a preinscrición nun mestrado nos prazos xerais previstos



no apartado II destas aclaracións, se non o fixeron nos prazos establecidos no apartado I ou se non foron admitidos nestes prazos, as comisións de selección deberán ter en conta o seguinte:

-Terán preferencia en todos os prazos sinalados no apartado II os solicitantes provenientes do Sistema Universitario Español sobre os solicitantes provenientes de sistemas universitarios estranxeiros, toda vez que éstos tiveron os seus propios prazos así como unha porcentaxe de reserva de prazos, segundo o establecido no apartado I destas aclaracións.

Ao abeiro do acordo adoptado polo Consello de Goberno do 29/03/2017, establécese unha reserva do 5% das prazas dispoñibles para estudos de mestrado universitario para os estudantes que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, así como para aqueles estudantes con necesidades educativas especiais permanentes asociadas ás condicións persoais de discapacidade, que durante a súa escolarización anterior precisaran de recursos e apoio para a súa plena normalización educativa.


Os estudantes deberán acreditar esa condición no momento de efectuar a preinscrición correspondente, mediante un certificado oficial de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade, expedido polo órgano competente de cada Comunidade Autónoma.

A ordenación e adxudicación das prazas reservadas realizarase atendendo aos criterios de valoración que sexan de aplicación a cada mestrado.

As prazas obxecto de reserva destes estudantes que queden sen cubrir serán acumuladas ás ofertadas pola Universidade polo réxime xeral en cada unha das convocatorias.

1º PRAZO (xuño-xullo de 2017)	
23 xuño - 13 xullo	Preinscrición
18 xullo	Publicación lista provisional
18 - 26 xullo	Reclamacións
31 xullo	Publicación lista definitiva
1 - 13 agosto	Matrícula (*)
2º PRAZO (agosto-setembro de 2017)	
14 -21 agosto	Preinscrición
6 setembro	Publicación lista provisional
6 - 8 setembro	Reclamacións
13 setembro	Publicación lista definitiva
13 - 18 setembro	Matrícula (*)
3º PRAZO (setembro-outubro de 2017)	
19 - 27 de setembro	Preinscrición
2 outubro	Publicación lista provisional
2 - 5 outubro	Reclamacións
9 outubro	Publicación lista definitiva
10 - 19 outubro	Matrícula (*)

(*) A matrícula realizarase nas datas de chamamento e seguindo o procedemento que se estableza polos centros, de ser o caso.



**PRAZOS PARA O ESTUDANTADO DE SISTEMAS UNIVERSITARIOS
ESTRANXEIROS ALLEOS AO SISTEMA UNIVERSITARIO ESPAÑOL, PARA O
CURSO 2018-2019:**


Coa finalidade de facilitar a planificación de accións de internacionalización e acceso aos mestrados universitarios dos estudantes procedentes de todos os sistemas universitarios estranxeiros (solicitud de bolsas, visados etc.), tanto do Espazo Europeo de Educación Superior coma de alleos a éste, os prazos previstos para a vindeira edición, correspondente ao curso 2018/2019, e para as seguintes, serán os que se indican na seguinte táboa.

O número total de solicitantes admitidos nestes prazos non poderá superar o 30% das prazas ofertadas en cada mestrado (as prazas desta reserva que non se cubriren acumularanse á quenda xeral na preinscrición). Estes solicitantes deberán cumprir os requisitos de acceso e de admisión no momento de realizaren a preinscrición.

ESTUDANTADO SISTEMAS UNIVERSITARIOS ESTRANXEIROS	
16 de xaneiro - 30 de abril de 2018	Preinscrición
8-10 de maio de 2018	Publicación lista provisional
10-18 de maio de 2018	Reclamacións
24-25 de maio de 2018	Publicación lista definitiva
Primeiro prazo xeral (a determinar)	Matrícula

DILIXENCIA para facer constar que o presente documento composto de 3 páxina/s numerada/s e selada/s, foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de data 27 de abril de 2017

O secretario xeral



Asdo. Carlos Aymerich Cano